



## Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de Sada

Avda. da Mariña Nº25 CP15160 Sada - A Coruña  
turismo@sada.gal  
(+34) 638421054 / 981620075 Ext.264



### X FESTA DA XIBA EN SADA

Co gallo da celebración da X Festa da Xiba, prevista para os días 26,27, e 28 do vindeiro mes de abril, a Concellería de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente, convida á hostalaría de Sada a participar nun dos eventos máis importantes de toda a comarca de As Mariñas.

A Festa da Xiba supón unha oportunidade de mostrar as vosas propostas culinarias, elaboradas cun produto diferenciador, e consideramos que éste, constitúe un reclamo turístico que esperamos atraia a visitantes de toda a comarca e Galicia en xeral.

Neste senso, reiteramos a nosa intención de promover os produtos por excelencia de Sada e comarca, como elemento característico da gastronomía local e ao mesmo tempo, dinamizar a restauración no noso municipio.

Deste xeito, achegámosvos as bases de participación e ficha de inscrición do evento. (A data límite de inscrición é ata o venres 29 marzo ás 14:00 horas, presentandoa no rexistro do concello, situado na Avda. da Mariña Nº 25 ). Se tedes calquera dúbida, deberedes poñervos en contacto a través do teléfono do Concello – 981620075 Ext. 264, na O.M.I.T.– 638421054 (Whatsapp dispoñible) ou a través do correo electrónico: [turismo@sada.gal](mailto:turismo@sada.gal)

Tede en conta, que poderedes informarnos (ou compartir as vosas ofertas, menús, etc.) a través das redes sociais de turismo de Sada (facebook, twitter, instagram e youtube: @turismodesada), ou na páxina web do concello ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)), de todas as novidades e eventos ó longo do ano, por iso animámosvos a seguirmos e compartir a información sobre os vosos eventos etc. Para así poder darvos difusión a través de internet.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo.

Asdo.

  
Liss Becerra, Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente